

1. Trailalará, Pepiño,
vámo-los dous cantando,
teño unha madeixiña,
vámola devanando.
A trailalará, Pepiño,
vámo-los dous cantando.
2. Si queres aquí, aquí-e
si queres alá, alá-e
se queres en cas do cura,
en cas do cura será-e.
Ai la la la la la la la
la la la la la la lo
3. Pasei por diante da túa porta
erghín a vista e vin-he
un letreiro que decía
“eu para ti non nacín-e”.
4. Eu como sabía ler-e
quitei un e puxen outro,
ti para min non serás-e
pero eu para ti tampouco.
Ai la la la ra la la la
la la la la ra lo le lo
5. Unha volta polo aire
outra polo arredor-e
así fai o que ben baila,
así fai o beilador-e.
6. Costureiras, non as quer,o
tecelanas non mas dan-he,
/: quero unha labradoriña
que me fagha polo pan-he. :/



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades